

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA

Denominación do acordo:	Acordo de colaboración entre a consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a creación, desenvolvemento, dinamización, aloxamento e mantemento do portal web e a plataforma virtual do SEALab (web), dentro do proxecto SEALabHaus; project (EAPA_0029/2022) aprobado no marco do Programa De Cooperación Territorial Europea (Interreg Atlantic Area 2021 – 2027)
Tramitación:	Ordinaria
Obxecto:	Servizo da plataforma virtual do SEALab (web), dentro do proxecto SEALabHaus
Expediente/Nº Referencia:	2025-16-00129

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que a Consellería do Mar formalizou ca Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura, 11 de abril de 2025, e ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite, o 30 de novembro de 2026; sen menoscabo das posibles addendas ou prórrogas que as partes podan establecer e formalizar antes da finalización da vixencia inicial deste acordo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- Establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do MAR e a AMTEGA para creación , desenvolvemento, dinamización, aloxamento e mantemento do portal web e a plataforma virtual do SEALab (WEB), dentro do proxecto SEALabHaus; Project (EAPA_0029/2022) aprobado no marco do Programa De Cooperación Territorial Europea (Interreg Atlantic Area 2021 – 2027).
- En particular, o acordo de colaboración regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Desde a efectividade da integración na AMTEGA dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións da Consellería do Mar, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, á mesma.

Non obstante, en atención a súa tipoloxía, os expedientes financiados con Fondos Europeos continuarán sendo xestionados pola Consellería do Mar ata que pola AMTEGA se cumpran todos os requisitos legalmente establecidos para asumir a xestión antedita.

- Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar "as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos".

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica do presente documento.

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Marta Villaverde Acuña

DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

